

Alcaldía do Concello de SADA
Avenida da Mariña, 25
15160 – SADA (A Coruña).

Expediente: IN407A 2024/282-1 (expropiacións)

Proxecto: LMT. CT. RBT. Tumbadoiro

Asunto: Convocatoria actas previas á ocupación en procedemento expropiatorio

Para os efectos do levantamento das actas previas á ocupación no procedemento expropiatorio de referencia, a partir das 11:15 horas, sobre as fincas propostas neste proceso expropiatorio, e posteriormente as 11:30 nas oficinas desa Casa Consistorial ou local que se habilite, préggolle a súa comparecencia ou a do Concelleiro/a no que delegue, o día **31 de xullo de 2026** en cumprimento e aos efectos dos artigos 52 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 e 56 e 57 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.

Prégolle a publicación no taboleiro oficial dese concello do acordo que se acompaña xunto coa relación das fincas propostas neste proceso expropiatorio.

Coa finalidade de levar confeccionada a acta na referida data préggolle, así mesmo, confirmen a este Departamento Territorial o nome e apelidos do Alcalde ou do Concelleiro/a que acorden designar para o dito acto.

A Coruña, na data que figura na sinatura electrónica.

